

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/11/2020 10:40:24

SAIDA 13103/20



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 96/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 20 de agosto de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de agosto de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Delegación Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza do 27 de xullo de 2020, pola que se estima a súa solicitude de acceso á información referente ao nome comercial dos locais de hostalería con autorización de instalación e localización de máquinas de xogo que radiquen na provincia de Pontevedra, a súa situación en termos de rúa e número e a data de vencemento da autorización.

O reclamante indicaba que solicitou determinada información sobre os establecementos que figuran no Rexistro de Xogo da Comunidade Autónoma da provincia de Pontevedra, para os cales se emitiu Autorización de Instalación e Localización (AIL). A información solicitada foi o nome do establecemento, a súa localización física, a data de emisión da autorización e o seu vencemento, e se lle negou ou omitiu os dous últimos.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.



Segundo. Con data do 2 de setembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de setembro de 2020.

Terceiro. Con data do 24 de setembro de 2020 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza contesta a petición remitindo a copia do expediente instruído.

Coa copia, remite un informe asinado pola xefa do Servizo Xurídico da referida Consellería, no que simplemente se limita a facer unha relación da documentación que figura no expediente, sen facer referencia ao motivo polo que ao interesado non se lle deu a información completa (data de emisión da Autorización e o seu vencemento).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas administracións das comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as comunidades autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 27 de xullo de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 20 de agosto de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información pública supón unha ferramenta indispensable para adquirir aqueles coñecementos que permiten coñecer a calquera persoa, como se toman as decisións públicas que afectan á vida da cidadanía. No exercicio de tal dereito, os suxeitos obrigados deben proporcionar a información orientación e asesoramento aos solicitantes a fin de que poida exercitarse do mellor xeito posible o seu dereito de acceso tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016. Debe proporcionárselle a información que non estea suxeita a límites, do xeito solicitado polo interesado, optando preferentemente pola vía electrónica, ou polo que o solicitante sinalase expresamente, sempre que sexa posible.

Aínda que a resolución fronte á que se interpón a presente reclamación indicaba que a información solicitada era concedida, tal e como alega o reclamante e como se puido comprobar pola Secretaria desta Comisión a través do acceso ao Rexistro de establecementos de hostalería con autorización de instalación e localización de máquinas de xogo, a información contida nel, limítase ao nome comercial do establecemento e o seu enderezo, sen que se lle dea información sobre a data de autorización e o seu vencemento, remitindo ao solicitante a que obteña eses datos, visitando todos os establecementos da provincia, para poder coñecer o dato solicitado.

Debemos partir da base de que o sistema informático que soporta o referido rexistro, contén os datos solicitados, e que os mesmos son doadamente exportables a un formato de texto ou folla de cálculo, xa que nin do informe da Delegación Territorial nin do informe do Servizo Técnico Xurídico se fai a máis mínima manifestación en senso contrario. Non se alega tampouco a existencia de límite algún na información solicitada que xustifique dar a información de forma parcial, mais tendo en conta que o dato solicitado debe estar exposto ao público en cada establecemento.

De acordo co anterior, dando cumprimento ao exercicio do dereito do solicitante ao acceso á información, e á obriga da Administración dar a información cumprindo os principios de accesibilidade universal, participación cidadá, integridade da información e reutilización,

establecidos no artigo 2 da Lei 1/2016, procede a estimación da reclamación presentada, debendo a Delegación Territorial remitir a información completa ao solicitante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 20 de agosto de 2020, contra a Resolución da Delegación Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia do 27 de xullo de 2020, pola que se estima a súa solicitude de acceso á información referente ao nome comercial dos locais de hostalería con autorización de instalación e localización de máquinas de xogo que radiquen na provincia de Pontevedra, a súa situación e a data de vencemento da autorización.

Segundo: Instar a Delegación Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, complete a información remitida ao solicitante, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Delegación Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.10.29 18:14:38 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia